



Nova Escola Galega

OPINA

Xuño de 2020 - 3

A EDUCACIÓN PÚBLICA GALEGA MERECE RESPECTO

A crise ligada á expansión do coronavirus evidenciou, mais unha vez, o relevo dos servizos públicos na hora de garantir o exercicio de dereitos fundamentais como a saúde ou a educación ao conxunto do pobo galego, independentemente das condicións sociais, económicas ou xeográficas particulares. O común tornouse un espazo material e simbólico que puxo en causa o mito liberal do individualismo, colocando no centro a propia vida e as súas condicións de posibilidade: o carácter público e universal dos servizos que garanten o benestar colectivo. Entre estes servizos, ocupa un lugar fulcral o Sistema Educativo Galego que, tras unha década de recortes económicos, intensificación do labor docente, vulneración de dereitos laborais, limitacións na participación democrática nos órganos colexiados, xunto a unha significativa falta de medios materiais e humanos, conseguiu adaptarse ás inesperadas circunstancias motivadas por esta pandemia grazas ao meritorio e coordinado esforzo da comunidade educativa; non así da Administración, lastrada por un lento, burocrático e xerárquico proceder.

Se a comunidade educativa do país foi exemplar, tamén o foron as galegas/os na defensa dos servizos públicos, batendo as palmas cada día ás 20 h. das súas xanelas. O presidente da Xunta da Galiza, porén, teima en defender as receitas neoliberais que tanto enfraqueceron o noso sistema educativo nos últimos anos. Así, acabamos de coñecer que o Sr. Feijoo solicitou ao Estado destinar os aproximadamente 120 millóns de euros inicialmente asignados ao desenvolvemento de medidas de seguranza no ensino, por causa da Covid19, a outros fins como o financiamento da escola privada-concertada, da cal fan parte cinco centros do Opus Dei que segregan o alumnado por razón de sexo. Desta maneira, o goberno do Partido Popular non destinará ningún euro para aumentar espazos ou contratar o profesorado necesario para atinxir unha redución dos grupos a 15 discentes, tal e como recomendan as autoridades sanitarias para diminuír os riscos dun posíbel rebrote do virus no próximo ano académico. As prioridades do goberno galego parecen ser outras e constitúen un reflexo de principios ideolóxicos que promoven a desigualdade, a segregación por razón de sexo e unha grave irresponsabilidade ao non dispor dos medios necesarios para evitar o contaxio entre o alumnado e as profesionais.

Se o ensino público continúa a padecer a discriminación dun goberno que acrecenta, decote, a fenda social, cultural e económica das galegas/os, tamén ten profundado na desprotección da lingua galega nos últimos días. A anulación das convocatorias de axudas para proxectos de fomento do uso do galego, nos centros públicos e privados, foi feita sobre a hipótese de que a pandemia tería impedido o desenvolvemento de ditos proxectos. No entanto, son numerosas as Equipas de Normalización e Dinamización da Lingua Galega que teñen realizado gastos para este fin. Neste sentido, a Secretaría Xeral de Política Lingüística habilitou un procedemento baseado na elaboración dunha addenda no proxecto do próximo ano e unha vía para enviar as facturas correspondentes ao intervalo temporal comprendido entre o 1 de xaneiro e o 23 de marzo, mais co requisito de as facturas estaren a nome da propia SXPL. Esta actuación está a provocar, na realidade, unha negligencia no cumprimento das responsabilidades económicas asumidas pola propia Secretaría, xa que a condición indicada impide que sexan pagadas as facturas que foron feitas a nome dos centros educativos. Alén disto, a SXPL debería reformular as achegas económicas que, actualmente, se destinan aos centros en concorrencia competitiva e outorgar a todos eles un orzamento anual digno para estes fins. Lembremos que, para o ano académico pasado, apenas se cubriron o 19,8 % das contías solicitadas para os centros públicos do país, cunha exígua axuda media de 2,29€ por alumna/o.

Nova Escola Galega fai un chamado colectivo á defensa do ensino público galego e esixe do presente goberno un compromiso firme na súa protección e potenciación. Do mesmo xeito, demanda o cumprimento das correspondentes garantías sanitarias para a escolarización do alumnado no próximo ano académico, así como a defensa dos seus dereitos lingüísticos e culturais gravemente ameazados, tal e como sinalan organismos internacionais.

A educación pública galega: crianzas, familias e profesionais merecen respecto.